



CONCELLO DE SANTIAGO	
SECRETARÍA DO PLENO	
Data	15 MAI. 2018
ENTRADA	
Hora.....	Núm. 148

PREGUNTA ORAL SOBRE O ENCARGO DUN NOVO ESTUDO PARA A ESTACIÓN DEPURADORA DE AUGAS RESIDUAIS (EDAR)

O Grupo Municipal do Partido Popular no Concello de Santiago, ao abeiro do establecido na normativa de aplicación eleva a esa Alcaldía, para a súa inclusión na Orde do día a debater no Pleno da Corporación, a seguinte **PREGUNTA ORAL**


EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Logo da reunión celebrada o pasado día 9 de maio na cidade de Vigo entre representantes do Concello de Santiago, ACUAES e Augas de Galicia, o Goberno local anunciou o encargo á empresa Novax Ingenieros dun "novo informe sobre a viabilidade técnica e económica da nova EDAR da Silvouta mediante tecnoloxía granula aerobia", ao parecer como consecuencia dun requirimento formulado por ACUAES na citada reunión.

En relación con esta cuestión, fórmase a seguinte pregunta:

Cal é o custo e o procedemento de licitación previsto para este novo informe, así como o seu obxecto e a pretensión do Goberno local coa súa redacción?

Santiago de Compostela, 14 de maio de 2018



Agustín Hernández
Portavoz do Grupo Popular